

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentn a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre os pastos arbustivos e pastos sobre arboredo non declarables hoxe nas axudas da PAC.

A comezos do século XX, en Galicia máis de 2 millóns de ovellas e cabras eran xestionadas polos seus propietarios. Os pequenos ruminantes son os animais mellor dotados para consumir recursos herbáceos e arbustivos, tan abundantes e mal aproveitados en Galicia, e poden vivir case exclusivamente do pasto e do ramalleo dos arbustos.

Estes rabaños, tiñan a súa propia singularidade nas zonas de montaña, cas veceiras ou rabaños comunitarios, grandes rabaño nas zonas de serra que pastoreaban as zonas altas e inaccesibles.

Moitas están a ser as causas da súa desaparición, pero tamén debemos de ter en conta as súas vantaxes, que pasan dende a súa perfecta adaptación o medio, a súa resistencia as enfermidades, lonxevidade, precocidade sexual, etc...

Hoxe en día en Galicia, xa só quedan 229.000 cabezas de gando ovino e cabrún repartidas entre 21.709 explotacións gandeiras, das cales unicamente 76 ganderías teñen máis de 250 animais.



En 2015 aplicouse unilateralmente unha quita nos pastos arbustivos e pastos sobre arboredo declarados na PAC que afectou ao 85% de todo territorio, de xeito que todos os recintos de menos de 3.000 metros cadrados foron reasignados cun coeficiente de admisibilidade igual a cero.

Isto supuxo por enriba que esta declaración de superficies da PAC marcasse o primeiro ano de compromisos no período do PDR 2015-2020, limitando o cobro por uso de toda esa superficie salvo que fose alegada.

Paradóxicamente na recente publicada Lei Ómnibus, a Comisión Europea reconece a singularidade deste aproveitamento con pastoreo, e suprime a obriga da consolidación herbácea, reducíndoo unicamente á consolidación do pastoreo sobre esa superficie, vindo a dar a razón das nosas propostas anteriores do 2015.

Dende En Marea defendemos este tipo de especies leñosas e arbustivas como base da alimentación do noso ovino e caprino, o mesmo tempo que están a facer un traballo preventivo nos nosos montes moi importante.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados que subscriben formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal foi o motivo para suprimir os pastos arbustivos e pastos sobre arboredo declarables nas axudas da PAC, tal e como teñen en outras comunidades autónomas?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea



**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 09/05/2018 18:06:05**

**Paula Quinteiro Araújo na data 09/05/2018 18:06:15**